

CICLO
SEN
+
NUMERAR
PRIMAVERA 2026

FORUM
METROPOLITANO

SEN NUMERAR é un ciclo de artes escénicas para público xuvenil e adulto, de espectáculos de pequeno e mediano formato próximos ao público.

SEN NUMERAR é un ciclo de artes escénicas que conta coa colaboración do AGADIC.

Este outono presentamos unha oferta de cinco espectáculos de xéneros diversos, de contidos actuais, de estéticas diferentes...

CICLO
SEN
+
NUMERAR
PRIMAVERA 2026

FORUM
METROPOLITANO

LUGAR

Fórum Metropolitano

HORARIO

20.30 h

ENTRADA:

9,00 €; descontos (carné Xove, maiores de 65 e persoas desempregadas): 7,00 €

VENTA DE BILLETES

• www.ataquilla.com

• Despacho de billetes da praza de Ourense (agás festivos): de luns a venres das 11.00 ás 15.00 h e das 16.30 ás 19.30 h

• Despacho de billetes do Fórum: desde unha hora antes do comezo do espectáculo (sempre que queden entradas dispoñibles).

PAGAMENTOS

No despacho de billetes da praza de Ourense, do Fórum e na televenda con tarxeta de débito ou de crédito, agás American Express.



ACCESO

Cousas que debes saber antes de virnos ver:

- Esíxese puntualidade. Non se permitirá acceder á sala unha vez que empece a función.
- Todas as persoas que accedan á sala na que terá lugar a función deben facelo con entrada, con independencia da idade que teñan e de ocuparen ou non butaca.
- Non está permitido entrar á sala con comida nin bebida.
- Os móbiles permanecerán apagados ou en silencio durante o espectáculo.
- Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.

E DESPOIS DO ESPECTÁCULO

Se che gustou, compárteo nas redes sociais ou deixándonos un comentario no noso correo

forummetropolitano@coruna.gal



MÁIS INFORMACIÓN:
www.coruna.gal/cultura

Depósito Legal: C 2052-2025





Autoría: José Luis Baños de Cos
Dirección: Sara Rey Seoane
Elenco: Andrea Blanco Dios, Ana San Fernando e Marcos Grandal Tojeiro

CÁMARA OSCURA

de Vórtice Escénico

Venres 30 de xaneiro ás 20.30 horas

60 minutos | Espectáculo en galego | A partir de 12 anos

A cámara escura fala das vítimas de ciberacoso que se ven conducidas cara a un buraco negro de desprezo e dor. Trata das persoas culpábeis que, agresión tras agresión, van construíndo un perigoso perfil de cara ao futuro. A cámara escura diserta sobre esas nais e pais que ven, con absoluta impotencia, rotas/os as súas fillas e os seus fillos.

A través de Alicia, esa rapaza dividida en dúas voces internas, podemos asomarnos á realidade que sofren cada día máis adolescentes a nivel mundial. Nun mundo eterno como é a rede, cal é a solución para recuperar a intimidade perdida tendo en conta que, por cada ano que pasa, as xeracións están expostas a medrar sen a madurez suficiente para empregar un novo apéndice chamado teléfono?



Dirección: Arantxe Iurre
Coordinación da mediación artística: Naomi Hasson
Elenco: Unai Baiges, Haizea Baiges, Leyre Mesa e participantes e persoas colaboradoras

RUMBO DESCONOCIDO

de Utopian Getxo

Venres 20 de febreiro ás 20.30 horas

60 minutos | Espectáculo en castelán | Teatro documento

Os protagonistas, Guillermo e Matilda, dous vellos milenarios invítannos a través dun campionato de xogo da Oca, a reflexionar sobre o segredo de “vivir” que leva consigo “morrer”.

É unha obra de teatro documento, onde ademais da compañía interveñen oito persoas de asociacións da cidade, e poñen de manifesto os seus testemuños coa finalidade de achegarnos como sociedade compasiva a unha etapa de vida que nos leva a rumbo descoñecido, pero non por ilo a un destino horrible.

“Non entendo por que a morte ten tantas noticias falsas, se os que estiveron preto din que hai luz e que se sente paz”.



Autoría e adaptación: Manuel Lourenzo
Dirección: Ignacio García e Fran Rei
Elenco: Rubén Bargiela Sierpes, Corina Alfonso Mañá, Elvis GarcíaTorres e Alba Chao

NADA SE SABE

do Centro Dramático Galego e Culturactiva

Venres 6 de marzo ás 20.30 horas

60 minutos | Espectáculo en galego | Teatro inclusivo

Nada se sabe constitúe unha proposta integradora e única no contexto teatral galego tanto polo elenco, integrado por dúas actrices e dous actores con diversidade funcional, como polo tema, que aborda diversas versións da discapacidade no teatro clásico, e que se detén na adaptación moderna e sinxela que asina Manuel Lourenzo a partir de *Filoctetes*, unha das traxedias de *Sófocles*. Súmase igualmente a delicada selección musical, a mestura de linguaxes e a súa formulación como un reto á audiencia para cuestionarnos o que entendemos por discapacidade e por integración.

Nada se sabe baséase na obra *A Taberna de Clitia*, de Manuel Lourenzo, que é unha adaptación das obras *A cura en Troia*, de Seamus Heaney e *Filoctetes*, de Sófocles, onde se profunda na temática das persoas desprazadas pola sociedade, pero, sobre todo, dos homes e mulleres imprescindibles que, a pesar de estar na soidade máis absoluta contra a súa vontade, resisten.



Creación, dirección e interpretación: Cristina Balboa
Asistencia musical: Fran Lefrenk Fanzine
Asesoramento dramaturxico: Alberto Cortés

SINTE

de Cris Balboa

Venres 10 abril ás 20.30 horas

70 minutos | Espectáculo en galego | +12 anos | Musical

Este espectáculo é un catalizador de experiencias que teñen que ver coa palabra, co corpo, co son, co canto, e que non están diferenciadas por momentos. O obxectivo é que o corpo, a palabra e a música sexan un todo e que a persoa no escenario sexa unha especie de DJ de todo isto.

O relato dun conflito co mundo desde o máis pequeno, o máis singular e persoal, tentando inducir estados de ánimo colectivos a través da música electrónica.



Texto: J. P. Cañamero, Pedro Luis López Bellot e Sergio Adillo
Dirección e dramaturxia: Pedro L. López Bellot
Elenco: Nuqui Fernández

MENINA, SOY UNA PUTA OBRA DE VELÁZQUEZ

de Somos Proyecto Cultura

Venres 8 de maio ás 20.30 horas

55 minutos | Espectáculo en castelán | +14 anos | Traxicomedia

A mensaxe principal do espectáculo é o amor cara a un mesmo, sobre si e sobre o seu corpo. Falamos cunha linguaxe contemporánea, actual e cruel como a vida mesma para tratar o tema do *bullying*. A idea é conmover, axitar e transformar o público.

Menina móstrase en conflito co resto do mundo, con ela mesma, atrapada no seu corpo, na súa contorna e no seu contexto. É a continuación lóxica do Inferno ao Paraíso. Como se da Divina Comedia se tratase, o noso personaxe purgará a súa vida para atoparse, para reconciliarse e para liberarse.

Menina é un berro desesperado de empoderamento, de liberdade e de superación contra esta secuela social, é teatro de denuncia e comedia de costumes, no sentido que retrata un comportamento ácido dun segmento da poboación cara ás persoas obesas.



Autoría: Sechu Sende
Dirección: Fina Calleja
Dramaturxia: Fernando Dacosta e Fina Calleja
Elenco: Fernando Dacosta, Sabela Gago, Elena Seijo e Josito Porto

MADE IN GALICIA

de Sarabela Teatro

Venres 22 de maio ás 20.30 horas

60 minutos | Espectáculo en galego | Teatro de comedia

Espectáculo áxil, alegre e combativo que busca conectar coas persoas espectadoras e rescatar o sentimento de comunidade orgullosa do noso.

Partindo da necesidade de tratar un tema que ten tanto que ver con nós como sociedade, que está nos alicerces da nosa cultura (foi Castelao quen dixo: “Se aínda somos galegos é por obra e graza do idioma”) considérase conveniente, acaída e oportuna a obra de Séchu Sende *Made in Galicia* para presentar en escena o tema desde unha perspectiva tranquila, amable e, ao tempo, contundente.

A obra transita por momentos recoñecibles no día a día e combina temas de sociolingüística con maneiras de vivir e pensar amables e xenerosas ás que chegar mediante o lúdico e o divertido, con pouso. Un xeito de seducir en cuestións de lingua, non de lle impoñer nada a ninguén.

